



## RESOLUCIÓN

A Lei 19/2013, de 9 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno establece no seu artigo 21.3 a necesidade de que as Administracións Públicas determinen claramente o órgano competente para resolver as solicitudes de acceso á información pública, nos termos establecidos no seu Título I. No ámbito municipal non existe un título atributivo competencial propio na materia polo que, de conformidade cos preceptos reguladores, nomeadamente o artigo 124,4. ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, resulta de aplicación a cláusula residual, en virtude da que o órgano competente para a resolución deste tipo de solicitudes será o alcalde-presidente.

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 19 de xuño de 2015, pola que se procedeu á estrutura das áreas de goberno municipal, delegouse na concellería de Xestión Municipal a competencia para "impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública, mediante a publicidade activa no Portal de Transparencia e a publicidade pasiva, integrando os expedientes administrativos correspondentes".

Ante o exposto, razóns organizativas e a mellor atención e desenvolvemento destes expedientes aconsellan unificar nunha única concellería todas as competencias en materia de transparencia, acceso á información e bo goberno, concellería que pola súa transversalidade na estrutura municipal, así como polo núcleo de competencias atribuídas pola citada resolución debe ser a concellería de Xestión Municipal. En exercicio das competencias atribuídas pola citada normativa e conforme ao réxime de delegacións establecido na Lei Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, completado co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Delegar en **D. Francisco Javier Pardo Espiñeira**, concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Patrimonio e Administración Electrónica a competencia municipal para a resolución das solicitudes de acceso á información pública suxeitas á Lei 19/2013, de 9 de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno

**Segundo.-** Para o exercicio das ditas competencias a concellería-delegada exercerá cantas competencias instrumentais resulten necesarias para unha mellor execución dos procedementos administrativos, establecendo os sistemas necesarios para integrar a xestión das solicitudes de información da cidadanía no funcionamento da organización interna.

**Terceiro.-** Contará coa colaboración de todas as concellerías municipais, así como de todos os servizos e áreas adscritos ás mesmas, que para os ditos efectos, darán conta con carácter previo á proposta de resolución das solicitudes de cantas incidencias se produzan no procedemento ao Grupo técnico de traballo municipal en materia de transparencia.

**Cuarto.-** Como órgano de apoio na tramitación e resolución das solicitudes de acceso á información a concellería-delegada disporá do Grupo de Traballo Técnico de Transparencia e Acceso á Información pública nos termos sinalados na resolución de constitución de data 17 de febreiro de 2016.

**Quinto.-** Dar conta da presente resolución ao Grupo de Traballo Técnico de Transparencia e Acceso á Información Pública na primeira reunión que realice, notificarlla á concellería-delegada de Xestión Municipal; dálle xeral publicidade mediante a súa inserción na intranet municipal para o seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas e publicala no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.t

**Sexto.-** Esta Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986. Dar conta conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice.

CCA

Vigo, 23 de febreiro de 2016

O Alcalde-Presidente

A Secretaria do Goberno Local

Abel Caballero Álvarez



M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña